alvarellos
EDITORA

Alvarellos Editora 1977-2007

Lugo, 13 de novembro de 2007

LUGO ACOLLEU O ACTO DE CONMEMORACIÓN DOS 30 ANOS DE ALVARELLOS EDITORA

De esquerda a dereita: Xosé Alonso, López Orozco, Concepción Casas, Henrique Alvarellos e Xesús Mato na Sala Sargadelos de Lugo

- **Unha das editoriais máis veteranas de Galicia conmemorou os seus trinta anos de vida cun acto celebrado na Sala Sargadelos de Lugo, presidido polo alcalde da cidade e onde se tributou unha homenaxe ao fundador, Enrique Alvarellos Iglesias, falecido hai tres anos.**

- **O actual director da empresa, Henrique Alvarellos Casas, afirmou que "un negocio editorial é unha mistura de paixón, sacrificios e grandes soños".**

.

- **Para o alcalde de Lugo, Xosé L. Orozco, foron "trinta anos que deixan atrás algúns momentos difíciles da nosa historia, que non amedrentaron a un home cunha vontade e unha capacidade de sacrificio enormes".**

- **Durante o acto, presentouse a obra *Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia* na que colaboraron 30 autores.**

Alvarellos Editora, unha das empresas editoriais máis veteranas de Galicia (xunto con Galaxia e Edicións do Castro) celebrou hoxe en Lugo o acto central conmemorativo do seu trinta aniversario, unha celebración que estivo

Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137

protagonizada pola lembranza ao fundador da empresa, o polifacético Enrique Alvarellos Iglesias, falecido en xuño de 2004.

O acto, desenvolvido na Sala Sargadelos da cidade das Murallas, estivo presidido polo alcalde de Lugo, Xosé López Orozco, e contou coa participación da co-fundadora da Editorial e dona de Enrique Alvarellos, Conchita Casas; do xornalista Xosé Alonso; do cura e músico Xesús Mato, e o actual director da empresa, Henrique Alvarellos Casas. A parte musical correu á cargo dun trío de intrumentistas lugueses integrado por Paula Fernández, Bruno Villamor e Vítor Otero (acordeón, flauta e clarinete) que interpretaron, entre outras, algunha composición do propio Enrique Alvarellos. A proxección de imaxes históricas destes trinta anos da editorial completou o desenvolvemento do acto.

O editor Henrique Alvarellos fixo un percorrido pola historia da empresa deténdose especialmente nos anos setenta, na intensa labor de seu pai a prol da cultura galega, e no negocio editorial. "Unha empresa como a nosa –afirmou– é unha mistura de paixón, sacrificios e grandes soños". E citou os baixos índices de lectura como unha das eivas ás que se ten que enfrontar un editor: "A metade dos galegos non le libros, mais, cando un se pon a editar –matizou– non pensa nisto, senón en poder dar á súa sociedade, ao mundo, algo novo que mova á reflexión ou ao pracer".

Xosé López Orozco, pola súa banda, afirmou quer era "un pracer e unha honra para min como Alcalde estar aquí hoxe celebrando os 30 anos de existencia da Editorial Alvarellos. Trinta anos que deixan atrás algúns momentos difíciles da nosa historia, que non amedrentaron a un home que cunha vontade e unha capacidade de sacrificio enorme, fixo realidade o seu soño. Máis de cen volumes viron a luz baixo o seu selo e forman parte hoxe da nosa memoria histórica".

Concepción Casas Davila, dona de Enrique Alvarellos e co-fundadora da editorial, fixo fincapé "na ilusión e no sacrificio que sempre puxo Enrique en todo o que botaba a andar, coma a editora, un proxecto singular que espero que goce, polo menos, doutros trinta anos de vida, tan intensos e produtivos coma estes, e despois xa falaremos".

LIBRO HOMENAXE

Durante o acto presentouse o libro *Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia* un volume colectivo no que colaboron trinta firmas, entre elas, os dous editores decanos en activo de Galicia: Francisco Fernández del Riego e Isaac Díaz Pardo. Esta obra constitúe unha reflexión sobre o libro, a cultura e a edición en Galicia, e unha fonda e sentida homenaxe ao fundador da empresa, Enrique Alvarellos Iglesias, un home polifacético que á parte de crear esta editorial puxo en marcha unha academia, unha imprenta, dirixiu varios conxuntos corais (para os que

Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137

compuxo dúceas de pezas musicais) e deixou escritas varias obras en prosa, verso e ensaios.

Parte do público asistente ao acto

Depto. Comunicación
Alvarellos Editora
correo@alvarellos.info
Mobil: 609 90 88 52